



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
O DÍA 04 DE XUÑO DO 2019.-**

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz Dna Olimpia Marcos García Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. Dna. Cristina Cadena Freire Dn. Manuel Bello Bouza Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Lage Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e nove minutos do día catro de xuño do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria-urxente e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- RATIFICACIÓN CARÁCTER URXENTE SESIÓN.

Sometida a votación a ratificación do carácter urxente da sesión. o Pleno do Concello por unanimidade, 12 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3PP, 2 BNG- 1 Ausencia Xustificada, D. Emilio Mesías FArías), acorda prestar a súa aprobación.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL 2018

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Cristina Cadena Freire manifestando o seguinte, na liña do que vimos facendo ata agora imos votar en contra xa que consideramos que non hai a suficiente transparencia para poder facer un bo exercicio de fiscalización.

Remata a Sra. Cristina Cadena Freire a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dando os bos días a todos/as e dicindo que nesta conta xeral obsérvanse que os ingresos tributarios e urbanísticos incrementaron en 273148€ con respecto ao 2017 mentres o endebedamento vai baixando a presión fiscal vai subindo, estamos agora cunha presión fiscal por habitante de 680€. No gasto de persoal



incrementouse en 183449€ con respecto ao 2017 e dicir un 10% máis, chámanos a atención o concepto de dietas do persoal directivo que ascende a 7040,78€ que divido por 46,46 media dieta sae a 151 o número de dietas ou sexa unha media de 14 días/mensuais, medio mes a dietas. Seguimos denunciando a mala utilización da conta 413 que un ano máis se segue incrementando en espera a outra notificación do ministerio de facenda a lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia e acceso a información pública o novo goberno no seu artigo 28 sobre infraccións en materia de xestión económica orzamentaria cualifica como accións moi graves o recoñecemento de obrigacións e ordenacións de pagos sen créditos suficientes para realizalos ou con inflación do disposto na lei xeral orzamentaria ou noutra normativa que sexa de aplicación e como non, tamén se pode modificar o PMP facendo mal uso da conta 414 que nestes momentos ascende a 161153,78€, o mesmo sucede cos saldos de dubidoso cobro que agora está en 1175278€, a deficiente contabilización dos saldos de dubidoso cobro teñen repercusión no cálculo do remanente de tesourería para gastos xerais podendo non dar unha imaxe fiel da contabilidade. Seguimos ano tras ano, sen o balance de xestión do servizo municipal de augas, nós sabemos que hai superhabit neste servizo e que isto non repercute a mellora de dito servizo aos aresáns que é realmente a onde ten que ir a parar estes cartos.

Remata a Sra. Martínez Martínez a súa intervención. O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, non hai segunda quenda.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Ditaminada e informada favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2018 na Comisión Especial de Contas o día 31-05-2019, o pleno do Concello acorda por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares), e 5 en contra (3 PP e 2-BNG- 1 Ausencia Xustificada D. Emilio Mesías Farías) tomar coñecemento nos termos do artigo 212 do R.D.L 2/2004 de 5 de abril polo prazo de 15 días e oito máis, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vinte e tres minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

SECRETARIO

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente
Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E